Fonte - Faro de Vigo

O goberno municipal de Gondomar négase a anular as 300 licenzas urbanísticas outorgadas desde febreiro de 2005 ata o pasado xaneiro, como requiere a Dirección Xeral de Urbanismo. Considera que o recurso de casación presentado no principio do ano contra os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia -que confirmaban a anulación do Plan Xeral de 1997- manteñen o PXOM en vigor e por iso non teme as consecuencias da súa desobediencia. Ata retan á Xunta a que "poña un contencioso" por incumplir as súas ordes.

O mencionado recurso ten efectos suspensivos, segundo explicaba o portavoz municipal, José Luís Mosquera. O requerimiento do Executivo galego para que se anulen os permisos de construción "obvia intencionadamente" esta cuestión, sinalaba o representante do equipo de goberno.

Continúa en http://www.farodevigo.es/secciones/noticia.jsp?pIdNoticia=56628&pIdSeccion=3&pNumEjemplar=2592